A presidenta do Parlamento de Galicia reunise co Valedor do Pobo, que lle explicou os preparativos da próxima conmemoración do XXV aniversario da aprobación da lei de creación desta institución

PILAR ROJO REITERA A LEALDADE E COLABORACIÓN DO PARLAMENTO DO VALEDOR DO POBO

Santiago, 29 de abril de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, reuniuse este mediodía no seu despacho da Cámara co Valedor do Pobo, Benigno López, na que constituíu a primeira xuntanza entre os responsables destas dúas institucións desde a constitución da VIII lexislatura.

Na xuntanza, celebrada no despacho da presidenta, Pilar Rojo reiterou a súa disposición para o diálogo político permanente co Valedor do Pobo, pero tamén a lealdade e a colaboración permanente do Parlamento co seu comisionado.

Entre os asuntos abordados na reunión, o Valedor do Pobo presentoulle á presidenta a programación que está a elaborar para conmemorar, no vindeiro mes de xuño, o XXV aniversario da aprobación da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, para o que Pilar Rojo brindou a colaboración do Parlamento de Galicia.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA